

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de novembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día nove de novembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1289).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1290).- RECURSO DE REPOSICIÓN E SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN CAUTELAR EN RELACIÓN CO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2008. EXPTE. 22409/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 8.11.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 21/09/2011 (documento nº 110122894) D^a M^a Concepción Martínez-Murillo Campos, en representación da sección sindical de CC OO no Concello de Vigo, presenta recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.09.2011, designando aos membros de diversos órganos de selección para a execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.

2.- En novo escrito de data 03/10/2011 (documento nº 110127207) D. Castor Fernández Soto en representación do Sindicato CC OO procede á solicitude de suspensión cautelar e urxente das probas selectivas convocadas, efectuando unha remisión expresa ao escrito de data 21/09/2011 (documento nº 110122894) D^a M^a Concepción Martínez-Murillo Campos en representación da sección sindical de CC OO no Concello de Vigo, impugnatorio do acordo da Xunta de Goberno Local referido do 09/09/2011, á vista do cal procede pronunciarse expresamente sobre ambos.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O recurso de reposición presentado en escrito de data 21/09/2011 (documento nº 110122894) cumpre os requisitos formais e materiais esixidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) para a presentación dos recursos administrativos (con carácter xeral, artigo 107 da Lei, e artigos 116 e 117 en canto aos requisitos específicos esixibles ao recurso potestativo de reposición). Procede, en consecuencia, a admisión a trámite do mesmo, e a conseguinte resolución expresa.

Asemade, contextualizarse no marco do mesmo a solicitude de suspensión cautelar e urxente dos procesos selectivos derivados da convocatoria indicada –aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 09/09/2011 (expediente administrativo nº 22.314/220)- por efectuar o recorrente, Sr. Fernández Soto, unha precisión expresa, específica e concreta en relación ao recurso de reposición presentado pola Sra. Martínez-Murillo Campos, sen dúbida motivada por ostentar ambos recorrentes a condición de representantes do sindicato CC OO, polo cal procede a análise conxunta e inseparable de ambas solicitudes (recurso contra acto administrativo concreto e identificado, e suspensión da execución do mesmo).

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contempla no seu artigo 111 os supostos de suspensión da execución dos actos administrativos obxecto de recurso; así, dito precepto contempla que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos nos que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante dita precisión, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razoada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión, e o prexuízo que se causaría ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando concorran as causas previstas na lei –parágrafo 2, apartados a) e b) do precepto invocado-.

A execución do acto impugnado entenderase suspendida se transcorridos 30 días dende que a solicitude de suspensión tivo entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, éste non dictase resolución expresa ao respecto.

II.- Do recurso presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.09.2011, xuntamente coa solicitude de suspensión da execución do mesmo, foi dado traslado ao Sr. Concelleiro-dele-

gado da Área de Xestión Municipal, tendo sido solicitada a emisión de informe técnico ao Técnico de Planificación e Organización, quen en data 05/10/2011 informou que:

“En contestación a dilixencia da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 22 de setembro actual, en referencia a alegación presentada pola sección sindical de CCOO deste Concello (doc 110122894), infórmase o seguinte:

Nas bases xerais da convocatoria que rexen os procedementos selectivos incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, na súa base oitava, apartado 1º, refléxase literalmente :

“8.1. Composición

“O órgano de selección das probas selectivas terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros/as, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, así como os respectivos suplentes, designados polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición dos órganos de selección será predominantemente técnica. Todos/as os/as membros/as deberán contar cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Non poderá formar parte o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.”

A referida base oitava, modifícase respecto das prazas de persoal laboral respecto do número de vogais, que pasa de tres a seis.

Ditas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de maio de 2010, e seguintes rectificacións en datas 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, publicadas no DOG de 17 de novembro de 2010, non téndose producido alegación ningunha respecto a este punto.

A Xunta de Goberno Local, en data 9 de setembro de 2011, aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos, datas correspondentes ao primeiro e exercicio e a designación dos componentes dos órganos de selección das prazas de Administrativo/a de Admón. Xeral, Subalerno/a, Técnico/a Auxiliar de Seguridade, Programador/a Informática, Inspector/a Auxiliar de Medio Ambiente, Operador/a de Informática, Oficial Conductor/a, Oficial Carpinteiro/a, Oficial Pavimentador/a, Oficial Electricista, Oficial Sepultureiro/a, Auxiliar Administración Xeral e Axudante de Oficios, segundo o contido da Instrución do concelleiro delegado de data 2 de setembro anterior, tal e como se recolle nas bases xerais anteriormente citadas.

Infórmase así mesmo que se pudo verificar documentalmente que tódolos/as membros/as dos órganos de selección que figuran no referido acordo da Xunta de Goberno Local contan con titulación igual ou superior a esixida para o acceso a cada unha das prazas ofertadas.

Ditos Órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, actuando con independencia e discrecionalidade técnica nas súas actuacións, garantindo a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como a transparencia dos procesos selectivos.

Por último, infórmase que os presidentes nomeados para cada un dos órganos de selección son funcionarios de carreira deste concello incluídos nos subgrupos A1 e A2 de titulación. Os secretarios, todos eles técnicos/as de administración xeral, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, polo desempeño das súas funcións de asesoramento legal ao órgano de selección e a custodia dos exercicios e a elaboración das actas do proceso selectivo. Por último e, respecto dos vogais nomeados nos referidos procesos selectivos, infórmase que maioritariamente cumpren co principio de especialidade técnica esixida nas bases, en canto a titulación que posúen, como a experiencia demostrada no exercicio das súas funcións como empregados/as públicos/as. Así podemos destacar que nos tribunais de persoal administrativo a maioría dos seus membros/as son administrativos e xefes de negociado, nos tribunais de persoal subalerno (técnicos, conserxes, oficiais de mantemento e ordenanzas), nos tribunais de programador/operador de informática (técnicos de sistemas, programadores e técnicos informáticos doutros concellos da provincia), respecto do tribunal de inspector auxiliar de medio ambiente (técnica auxiliar de laboratorio, inspector de urbanismo, administrativos, etc), nos tribunais de oficiais de oficios (xefes dos servizos respectivos, xefes

unidades operativas de servizos municipais do Concello de Pontevedra, oficiais condutores, carpinteiros, albaneis, almaceneiros, electricistas, sepultureiros, axudantes de oficios, policía, bombeiros, condutores-bombeiros, etc)”.
En consecuencia, e de conformidade co informe técnico invocado, non consta que o requisito da titulación igual ou superior para o acceso á praza por parte dos membros dos órganos de selección se teña incumprido, polo cal procedería desestimar o recurso presentado en canto ao dito extremo.

III.- Pola Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, con conformidade da Xefatura da Área de Réxime Interior, emitiuse informe xurídico en data 06/10/2011; en igual senso, e aos efectos de verificar o desenvolvemento das correspondentes probas selectivas, foron solicitados informes aos Secretarios/as dos órganos de selección, emitidos en datas 14/10/2011, 17/10/2011 e 21/10/2011, que obran incorporados ao expediente administrativo nº 22.409/220, da lectura dos cales pode observarse a ausencia de representación sindical nos órganos de selección de persoal, salientándose en algún deles que a participación resulta sempre a título individual, manifestándose igualmente que non se ten constancia de nomeamentos irregulares nos órganos de selección.

IV.- Sen prexuízo do antedito, e á vista das dúbidas xurídicas manifestadas no informe xurídico de data 06/10/2011 anteriormente sinalado, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21/09/2011, acordou aceptar expresamente as renuncias formuladas por diversos vogais titulares e suplentes dos órganos de selección designados no acordo de 09.09.2011, acordando igualmente o nomeamento de novos vogais en substitución dos anteriores; acordo que foi publicado na web municipal www.vigo.org no mesmo día da súa adopción.

A este respecto, en novo informe de data 07/11/2011, o mesmo técnico de Planificación e Organización informa que:

“En contestación a dilixencia da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 7 de novembro actual, en referencia a alegación presentada pola sección sindical de CCOO deste Concello en referencia ao acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011, polo que se procedeu a substitución de diferentes membros/as integrantes de órganos de selección de diferentes procesos selectivos contidos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, infórmase o seguinte:

Nas bases xerais da convocatoria que rexen os procedementos selectivos incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, na súa base oitava, apartado 1º, refléxase literalmente :

“8.1. Composición

“O órgano de selección das probas selectivas terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros/as, un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais, así como os respectivos suplentes, designados polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición dos órganos de selección será predominantemente técnica. Todos/as os/as membros/as deberán contar cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Non poderá formar parte o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.”

A referida base oitava, modifícase respecto das prazas de persoal laboral respecto do número de vogais, que pasa de tres a seis.

Ditas bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de maio de 2010, e seguintes rectificacións en datas 5 de agosto e 24 de setembro de 2010, publicadas no DOG de 17 de novembro de 2010, non téndose producido alegación ningunha respecto a este punto.

A Xunta de Goberno Local, en data 9 de setembro de 2011, aprobou a lista provisional de admitidos e excluídos, datas correspondes ao primeiro e exercicio e a designación dos componentes dos órganos de selección das prazas de Administrativo/a de Admón. Xeral, Subalerno/a, Técnico/a Auxiliar de

Seguridade, Programador/a Informática, Inspector/a Auxiliar de Medio Ambiente, Operador/a de Informática, Oficial Conductor/a, Oficial Carpinteiro/a, Oficial Pavimentador/a, Oficial Electricista, Oficial Sepultureiro/a, Auxiliar Administración Xeral e Axudante de Oficios, segundo o contido da Instrucción do concelleiro delegado de data 2 de setembro anterior, tal e como se recolle nas bases xerais anteriormente citadas.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2011, foron substituídos/as varios membros/as integrantes dos órganos de selección dos procesos selectivos correspondentes a prazas de administrativo/a e auxiliar de admón. Xeral, subalterno, inspector auxiliar de medio ambiente e axudante de oficios, incluídas todas elas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.

Infórmase así mesmo que se pudo verificar documentalmente que tódolos/as membros/as dos órganos de selección que figuran no referido acordo da Xunta de Goberno Local contan con titulación igual ou superior a esixida para o acceso a cada unha das prazas ofertadas, coa salvedade da vogal 3ª suplente para o tribunal de administrativo/a de admón. Xeral, Dª. Amelia Aragunde Martínez, actualmente Xefa de Negociado por Concurso, que aínda que está integrada no subgrupo C1 de titulación como Administrativa de Administración Xeral por acordo do Pleno da Excma. Corporación Municipal de data 8 de novembro de 1988, ao cumprir os requisitos esixidos na Disposición Transitoria 2ª.1.b) do Real Decreto 689/75, segundo interpretación realizada pola Sentenza do Tribunal Supremo de data 7/6/1985, non constando no seu expediente persoal que esté en posesión do título de Bacharelato Superior ou equivalente. Ditos Órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, actuando con independencia e discrecionalidade técnica nas súas actuacións, garantindo a aplicación dos principios de igualdade, mérito e capacidade, así como a transparencia dos procesos selectivos.

Respecto dos novos vogais nomeados nos referidos procesos selectivos, infórmase que todos eles/elas cumpren co principio de especialidade técnica esixida nas bases, en canto a titulación que posúen, como ampla experiencia demostrada no exercicio das súas funcións como empregados/as públicos/as. Así podemos destacar que nos tribunais de persoal administrativo/auxiliar de admón xeral, os/as novos/as membros/as son administrativos e xefes de negociado, nos tribunais de persoal subalterno (administrativos/as, auxiliares e ordenanzas), no tribunal de inspector auxiliar de medio ambiente (analista de laboratorio, inspector de urbanismo e, enxeñeiro-técnico industrial, e no tribunal de axudante de oficios (capataz e oficiais de oficios dos distintos servizos municipais.)

Por último, significar que segundo obrantes no Servizo de Recursos Humanos, os/as novos/as membros dos órganos de selección nomeados no referido acordo da Xunta de Goberno Local ao que se refire o presente informe non teñen na actualidade a condición de delegados sindicais a tempo total o parcial.”

Pola motivación exposta nos informes invocados, debe salientarse que non consta, de conformidade cos mesmos, que se teña producido un incumprimento do artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público, á vista do cal procedería desestimar igualmente o recurso de reposición presentado en canto á presunta participación en representación de terceiros ou de entidades representativas de intereses corporativos, políticos ou sindicais, como sinala a parte recorrente.

V.- En xusta coherencia co antedito, non resulta viable a estimación da solicitude de suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local solicitada en escrito de data 03/10/2011 por D. Castor Fernández Soto, toda vez que, sempre nos termos dos informes técnicos invocados e da certificación documental efectuada, non concorrirían as circunstancias legalmente previstas no artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, para atender tal medida, que debe ser desestimada expresamente en aras a evitar a operatividade da suspensión ex lege por falta de resolución expresa en prazo.

VI.- Vistas as competencias en materia de xestión económica e administrativa do persoal municipal atribuídas á Xunta de Goberno, recollidas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e a proposta do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal (competencias delegadas por Resolución da Alcaldía-Presidencia de

13/06/2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2011) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar o recurso de reposición presentado en escrito de data 21/09/2011 (documento nº 110122894) por D^a M^a Concepción Martínez-Murillo Campos en representación da sección sindical de CC OO no Concello de Vigo contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 09.09.2011, designando aos membros de diversos órganos de selección para a execución da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade cos informes técnicos e xurídicos emitidos no marco do expediente administrativo nº 22.409/220, e de conformidade co informe-proposta que antecede.

Segundo.- Desestimar a solicitude de suspensión da execución de acto administrativo formulada en escrito de data 03/10/2011 (documento nº 110127207) por D. Castor Fernández Soto en representación do Sindicato CC OO en relación ao recurso de reposición presentado en escrito de data 21/09/2011 (documento nº 110122894) pola Sra. Martínez-Murillo Campos contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 09.09.2011, desestimado no apartado anterior, por falta de concorrencia dos supostos fácticos legalmente previsto ao respecto no artigo 111 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, no marco dos informes técnicos emitidos en datas 05/10/2011 e 07/11/2011, así como do informe-proposta que antecede.

Notifíquese o presente acordo aos interesados/as aos efectos oportunos, dispoñendo a súa publicación no taboleiro de edictos da Casa do Concello, significándolle que contra o mesmo unicamente poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1291).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FUNCIONARIOS CON RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA DE ENCOMENDA DE FUNCIONS. EXPTE. 22470/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 4.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 28.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

Nome	N.P	DNI	Periodo	Importe
Abalde Posada, Juana	15.102	36042156-Y	10/8-30/9/2011	291,5
Covelo Roma, Rosendo Gonzalo	23.627	36077859-J	01/07 ao 30/09/2011	1559,09
Otero Malvarez, Rosa María	80.568	76965736-P	10/8-30/9/2011	528,58
Román Casas, Juan Carlos	8.349	36011347-V	1/4-31/7/2011	1652,00

San Luis Costas, Avelino	9.900	35946375	01/07 ao 30/09/2011	2600,00
Soto Sobrado, Ana María	11.475	36031696	01/07 ao 31/08/2011	243,78
Vicente Rodríguez, Carolina	22.119	36080915-X	01/07 ao 30/09/2011	700,00 €
Vieites Alen, María Dolores	77.222	36101442-K	marzo-agosto 2011	1300
Rodríguez Martínez, María José	22.042	36086062-M	10/8-30/9	825,96
				9700,91

2º.-Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 9700.91€ en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade” (RC 201100007355).

Dése traslado do presente acordo á interesada, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

4(1292).- COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL DO SERVIZO DE ELECTROMECAÑICOS QUE PARTICIPA NA LIMPEZA ESPECIAL DAS FONTES PÚBLICAS ORNAMENTAIS. EXPTE. 22471/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.11.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 28.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer aos empregado municipais adscritos ao Servizo de Electromecánicos que *participan no operativo da limpeza especial das fontes publicas ornamentais*, D Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136 as cantidades que a continuación se relacionan segundo o recollido no apartado Terceiro n) das vixentes instrucións de plantilla, aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, correspondentes ao 3 trimestre do ano 2011:

N persoal	Nome	a percibir
14491	Juan Davila Perez	350.00
79136	Francisco J Bea Puentes	280.00

2º.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 630.00€ en concepto de produtividade a favor dos funcionarios D. Juan Davila Perez, con n de persoal 14491 e D Francisco J Bea Puentes, con n de persoal 79136, con cargo ao RC 201100007355 da partida 92201500000, polo período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro de 2011.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.